



ASUNTO: INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR SOBRE O ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DO PARQUE EÓLICO CASTRO VALENTE (IN408A 2020/66) NOS CONCELLOS DE PADRÓN (A CORUÑA), A ESTRADA, PONTECESURES E VALGA (PONTEVEDRA)

Clave: PE Castro Valente (IN408A 2020/66)

Con data do 6 de outubro de 2021, o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais remite escrito á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, solicitando a emisión de informe por parte desta DXEI en relación coa avaliación dos efectos derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou catástrofes que incidan no proxecto, o risco de que os ditos accidentes ou catástrofes se produzan e os probables efectos adversos significativos sobre o medio ambiente no caso de que ocorran, co alcance e contidos específicos que deberían incluírse no estudo de impacto ambiental do **parque eólico Castro Valente**, N.º expediente IN408A 2020/66, promovido pola sociedade Iberdrola Renovables Galicia S.A.

Revisada a documentación, se estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, todo elo sen prexuízo de que si poidera estar afectado este proxecto polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, o titular deberá elaborar e implantar o plan de autoprotección, elaborado por técnico competente, e que deberá acompañar aos restantes documentos necesarios para o outorgamento da licenza, permiso ou autorización, previamente á autorización de inicio da actividade por parte da autoridade competente.

O Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu anexo I aquelas actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira especialmente grave por situacións dese carácter, polo tanto, se é o caso, o titular deberá implantar, manter e revisar o seu propio plan de autoprotección, que é o documento que prevé as emerxencias que se poden producir a consecuencia da súa propia actividade e as medidas de resposta ante situacións de risco, de catástrofes e de calamidades públicas que podan afectar ao proxecto.

Santiago de Compostela, **na data de sinatura electrónica**

Nuria Padín Quintanal
Xefa do servizo de Prevención e
Análise de Riscos
Asinado electronicamente

Vº Bº
Jose Antonio Grandas Arias
Subdirector Xeral de Planificación
e Protección Civil
Asinado electronicamente

María Raquel Carballido Reboredo
Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética
Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
Edif. Administrativo San Caetano s/n.
Bloque 5-4ª Planta
15781 Santiago de Compostela

